

1. Líder **BASKET**



HOXE

V GALA PREMIOS LÍDER

20:30h

Auditorio Facultade de Veterinaria (Lugo)

**RECOÑECEMENTOS
AOS PREMIADOS
DAS NOVAS XERACIÓNS**

PISAN FORTE

Esta tarde poñemos a alfombra vermella para as promesas do baloncesto lucense. Por quinto ano consecutivo, os Premios Líder Basket recoñecen aos xogadores e xogadoras chamados a deixar a súa pegada neste deporte

Cadete Masculino e Feminino > Fase de Ascenso



O infantil Dani busca a un compañeiro entre rivais

“Ha sido un privilegio poder entrenar a este equipo. Se lo merecen todo” IAGO CASTRO Estudiantes 02

84	64
ESTUDIANTES 02	KFC CULLE
Xogador	Xogador
Eloy	Penas
Pilli	Ferreiro
Gara	Cuadrado
Anxo	Gayoso
Alex	Taboada
Álvoro	García
Olloqui	Gómez
Dani	Seoane
Iago	Rivadulla
Manu	Vigo
Mario	A. García
Antón	B. García

*Anotacións non facilitadas

13

TRIPLAS Nun dos mellores encontros da tempada, os estudiantís anotaron ata trece veces dende a liña de 6,75

Artai, con 6 vitorias noutras tantos encontros.

Os estudiantís chegaron a esta fase tras proclamarse campións provinciais, con dezasete vitorias e tan só unha derrota, e deron a cara en tódolos encontros, pese a que ao longo destas seis xornadas acusaron moitas baixas que non lles permitiron competir ao seu mellor nivel, aínda que sempre contaron con

Estudiantes 02 remata cunha vitoria

OS CELESTES pecharon a tempada o pasado domingo no Anexo cun triunfo na última xornada da Fase de Ascenso ante KFC Culleredo



Ollloqui cara ao aro nunha xogada de contraataque



Álvoro, co balón, tras superar a un xogador herculino

xogadores de idade infantil que se foron rodando ao longo destes partidos de cara á vindeira tempada.

O encontro do domingo só tivo un dominador. Estudiantís, que ao longo dos 40 minutos levou o mando do encontro nun dos partidos máis completos de todo o ano.

Correndo ao contraataque e tomando decisións intelixentes á hora de mover o balón ata encontrar ao mellor tira-

dor -cun total de 13 triplas- os celestes foron conseguindo as primeiras vantaxes para ir sempre por diante no marcador, grazas tamén a unha gran defensa que fixo moi poucas concesións.

Así, o resultado final de 84-64 a favor do conxunto capitalino poñía fin a unha tempada na que os de Iago Castro fan un balance máis que positivo, cun total de vinte vitorias e tan só catro derrotas.



O celeste Álex coa pelota seguido de un contrario

Notable alto á tempada de Ribadeo

ÚLTIMO ENCONTRO PARA AS DE JOSE marcado polo susto inicial tras descolgarse unha lona do Pavillón que, pese a golpear a unha xogadora, non tivo, afortunadamente, maiores consecuencias

51	69
RIBADEO	PONTUMIO
Xogador	Xogador
Sara Fdez.	Fariña
Aldara	Gorollo
Alba	Miser
Fátima	Jardel
Mireia	Díaz A.
Sara L.	Díaz B.
Irene	Ben
Marta	Díaz M.
Mónica	Filgueiras
Maria	Cabana

Ribadeo despediu unha notable tempada con derrota ante Pontumio nun encontro marcado polo susto inicial tras caerse unha lona do Pavillón. Este incidente, afortunadamente sen consecuencias, fixo que o partido se disputase noutras instalacións, e as ribadenses empezaran desconcertadas o encontro.

“Duro cierre a una impresionante temporada, donde estas chicas han vuelto a ganar la Liga, han vuelto a jugar Fase de Ascenso y sobre todo han vuelto a trabajar durísimo para crecer aún más como deportistas” JOSE Ría de Ribadeo

encaixando un parcial inicial de 0-7. O equipo intentou recuperar o tempo perdido pero tivo que remar contra corrente o resto do encontro no que nunca atopou as boas sensacións. O dominio rival no rebote ofensivo propiciou que tivesen segundas oportunidades en moitas ocasións e con iso Ribadeo nunca puido meterse de cheo na loita

polo partido.

Ao descanso chegouse con 20-31 no marcador e, ao comezo da segunda parte, o conxunto mariño intentou imprimir un ritmo de xogo alto pero a aposta non saíu do todo ben. Cun terceiro parcial de 15-23 Pontumio sentenciou o partido, que nin moito menos empañou a gran tempada realizada polo Ría de Ribadeo.



As xogadoras do Ribadeo con Jose nun intermedio

22

PUNTOS DE IRENE que unha vez máis foi a máxima anotadora do encontro superando á visitante Ben que se quedou en 19 puntos no último partido desta tempada

1ª

CAMPIOAS PROVINCIAIS O Ría de Ribadeo foi o mellor equipo lucense da tempada na Segunda División, alzándose unha vez máis co título provincial e disputando unha nova fase de ascenso á Liga Galega

Líder Basket celebra esta tarde a quinta edición da Gala de Premios

O ACTO CONCLUIRÁ COA ELECCIÓN DO MVP DO BALONCESTO BASE LUCENSE DA TEMPORADA 2017/2018. A incógnita resolverase despois de entregar os galardóns aos equipos campións e aos quintetos ideais de cada categoría

Conta atrás para a gran festa do baloncesto de base lucense. O Auditorio de Veterinaria acolle esta tarde a Gala de Premios Líder Basket, na que se recoñecerá aos mellores xogador@s, adestrador@s, equipos e colexiad@s da Provincia.

Nunha temporada de éxito rotundo do baloncesto lucense, cos ascensos de Breogán e Ensino, poñemos a alfombra vermella para as promesas deste deporte, que recibirán os galardóns nun acto presentado polo xornalista deportivo Terio Carrera.

Durante a Gala, entregaranse galardóns personalizados ás xogadoras e xogadores dos quintetos ideais de cada categoría -elixidos por votación de adestrador@s nas segundas categorías, e consensuados cos técnico@s de cada conxunto nas primeiras-, aos equipos campións provinciais e ao Estudiantes infantil masculino -campión galego-. Farase tamén unha mención especial ao Estudiantes de Primeira División feminina de Minibasket polo subcampeonato galego.

Ademais, premiarase ás mellores colexiadas e colexiados, nomeados pola Delegación da Federación Galega de Baloncesto en Lugo.

No transcurso da Gala, cos quintetos ideais sobre o escenario, coñeceranse aos MVP de cada categoría, elixidos pola redacción de Líder Basket -à marxe dos resultados das votacións realizadas por adestrador@s-.

Todos os premiados e premiadas están convocados para as 20:00 horas no Auditorio da Facultade de Veterinaria, co uniforme do club, con tempo para tomar asento antes de que se acendan as luces e comece a festa, aderezada con montaxes audiovisuais e cunha pregunta no aire: quen será @ MVP da temporada 2017/2018?

Agardámvos!

5ª

EDICIÓN PREMIOS LÍDER BASKET
Líder Basket organiza a Gala de Premios por quinto ano consecutivo, poñendo así o broche a unha temporada máis de seguimento e apoio aos equipos de base da Provincia.



premios líder 2018
baloncesto-base lucense

HOXE | 20:30h.
Auditorio Facultade de Veterinaria

premioslider 2018
baloncesto-base license

JÚNIOR MASCULINO E FEMININO

premioslider 2018
baloncesto-base license



A. PACHECO (Estudiantes)



ANA DE MATÍAS (Estudiantes)



ESTHER (Ensin)



ZELTIA (Estudiantes)



MARÍA (Ensin)



J. NÉCEGA (Ensin)



SILVIA (Ensin)



SARA (Estudiantes)



MARINA (Ensin)



A. RIVAS (Estudiantes)



A. HERMIDA (Estudiantes)

premioslider 2018
baloncesto-base license

CADETE MASCULINO E FEMININO

premioslider 2018
baloncesto-base license



JORGE GARCÍA (Estudiantes)



LUIS (Estudiantes)



MAITE (Ensin)



CARMEN LEBOREIRO (Ensin)



MARÍA C. (Estudiantes)



P. ABUÍÑ (Estudiantes)



NATALIA (Ensin)



LUCAS (Estudiantes)



IVÁN CABEZUDO (Estudiantes)



ALBA RUANO (Estudiantes)



EVA CÓRDOBA (Estudiantes)

premioslider 2018
baloncesto-base license

INFANTIL MASCULINO E FEMININO

premioslider 2018
baloncesto-base license



IKER SAMA (CB Ribadeo)



ÁLVARO (Estudiantes)



LUCÍA (Ensin)



CLAUDIA (Estudiantes)



CANDELA (Estudiantes)



J. PEIÑO (Estudiantes)



DANI (Estudiantes)



SABELA (Ensin)



DURÁN (Estudiantes)



JAVI (CB Ribadeo)



ENMA (Estudiantes)

premioslíder 2018
baloncesto-base lucense

PREINFANTIL MASCULINO E FEMININO

premioslíder 2018
baloncesto-base lucense



CARMEN (Estudiantes)



MANUEL (Galén Ensino)



MARTA (Estudiantes)



ANTÓN (CB Burela)



GABI (Estudiantes)



FERNÁN (Estudiantes)



CRISTIAN (Galén Ensino)



DIEGO NOVOA (CB Burela)



ÓSCAR (Estudiantes)



JOEL (Galén Ensino)



IRIA MENOR (Estudiantes)

premioslíder 2018
baloncesto-base lucense

MINIBASKET MASCULINO E FEMININO

premioslíder 2018
baloncesto-base lucense



DIEGO ROZAS (Estudiantes)



JULIÁN (Maristas)



DANI BAO (Estudiantes)



PAULA (Estudiantes)



SAMUEL (Maristas)



LAURA (Estudiantes)



GABRIEL ROZAS (Maristas)



ANA (Estudiantes)



SARA (Estudiantes)



ANTÓN PAZ (Estudiantes)



GEMMA (Estudiantes)

premioslíder 2018

baloncesto-base lucense

HOXE

20:30h Auditorio Facultade de Veterinaria

JÚNIOR 2ª DIVISIÓN FEMININO

MIGUEL (Ensino)

LAURA (CB Sarriá)

VANIA (Ensino)

PAULA (Ensino)

LEIRE (CB Sarriá)

ANA CANEL (CB Ribadeo)

JÚNIOR 2ª DIVISIÓN MASCULINO

ADRIÁN (Cidade)

GARABITO (Estudiantes)

MARCO (CB Ribadeo)

PIEDRACOBA (Estu)

PABLO MATO (Cidade)

RASILLA (Cidade)

CADETE 2ª DIVISIÓN FEMININO

ALDARA (CB Ribadeo)

JULIA (San Ciprián)

ADRIÁN (CB Sarriá)

ALEXIA (CB Sarriá)

MARTA (San Ciprián)

MENCIA (Terras Marina)

CADETE 2ª DIVISIÓN MASCULINO

ENGRROBA (H. Ferreiro)

DANI (H. Ferreiro)

GAUTAMA (CB Ribadeo)

ADRIÁN (H. Ferreiro)

MARIO (CB Ribadeo)

PILLADO (Estudiantes)

INFANTIL 2ª DIVISIÓN FEMININO

CAROLINA (Ensino)

SARA (CB Burela)

AMIR (Ensino)

ANA (CB Viveiro)

MARTA (CB Burela)

MARÍA (Estudiantes)

INFANTIL 2ª DIVISIÓN MASCULINO

NACHO (San Ciprián)

PABLO (Cidade)

LUCAS (CB Sarriá)

SAMUEL (Cidade)

MARIO (San Ciprián)

HUGO (San Ciprián)

Artai recuperou o basketaverage ante Cidade por un só punto

OS LUCENSES GAÑARAN NO PARTIDO DE IDA 66-56, pero no encontro de volta caeron por 11 puntos nun duelo de poder a poder que deixa ao cadro coruñés co liderado

“Esta vez salió cruz, solo queda felicitar a todos los jugadores por haber competido tan bien durante los cuarenta minutos” **CRISTIAN MARTÍN** Cidade de Lugo

55	44
ARTAI	CIDADE LUGO
Xogador	Xogador
Jano	Pablo
Miguel	Anxo
Iván	Samuel
Borja	Joel
Mario	Sergio
Antón	Juan
Ramiro	Fabio
Hugo	Antón
	Miguel
	Xacobe

1

PARTIDO MÁIS queda por disputar neste grupo da fase de ascenso. Cidade necesita gañar en Lugo a Peleteiro B e que Cambre faga o mesmo ante Artai para recuperar o primeiro posto da clasificación



Cristian Martín e os seus xogadores saúdanse nun tempo morto dun partido disputado no Pazo dos Deportes

O baloncesto e o deporte en xeral ofrece moitas veces unha versión caprichosa, e apareceu ante Cidade no seu máximo esplendor o pasado domingo pola mañá en Carballo.

Cidade de Lugo viaxaba invicto ao duelo directo polo primeiro posto para seguir soñando co ascenso á Liga Galega infantil. O seu rival, Artai,

que no partido de ida en Lugo perdera por dez puntos, 66-56.

Ambos equipos gañaron os demais encontros desta fase, polo que Cidade defendía unha renda de 10 puntos en Carballo para manterse á fronte da clasificación.

A tensión palpouse desde o salto inicial, cos nervios por parte de ambos equipos marcando o inicio

do encontro, no que Cidade conseguiu tomar o mando no marcador, 11-13 ao final do primeiro cuarto, co que a vantaxe global era de 12 puntos con media hora por diante.

Artai deu un paso á fronte no segundo parcial, no que foi mellor e deulle

a volta ao marcador para chegar ao descanso con 24-19 no electrónico.

Cidade aínda mantiña unha renda de cinco puntos para afrontar a segunda parte, pero Artai, cunha gran posta en escena tralo descanso, remontou o global. Cando

peor o estaba pasando Cidade, apareceu o orgullo dos lucenses para remontar o voo no tramo final do terceiro cuarto para chegar aos últimos dez minutos dez abaixo e co basketaverage empatado.

Os dous equipos dérono todo na pista, cun balon-

cesto de Primeira División e un marcador que se decidiu por pequenos detalles. Nesta ocasión a moeda saíu cruz para Cidade de Lugo, que tras perder por un punto este último cuarto, 16-15. Cedeu tamén por un punto o average particular.

Burela levou as festas ata Portosín

SEGUNDA VITORIA NA FASE DE ASCENSO DO ACADEMIA A MARIÑA, nunha mostra de compromiso por parte de todo o conxunto mariño pese a coincidir o partido coas festas patronais

57	63
PORTOSÍN	AC. A MARIÑA
Xogador	Xogador
Vidal	Ainoa 2
Iglesias	Claudia 2
Sanmartín	Sofía 2
Castelo	Sara 20
Alfonso	Marta 23
Insúa	Sandra 8
Filgueira	Lucía 1
Laiño	Julia 5
Castro	
Lorenzo	

“Quiero agradecer a las jugadoras el desplazarse a jugar este encuentro en una fecha tan señalada en Burela” **CARLOS MADAR** Academia A Mariña Burela 04

ademais de ir ao encontro, afrontárono coa intensidade adecuada.

Burela foi sempre por diante no electrónico, 13-20 ao final do primeiro cuarto. As locais reaccionaron ao comezo do segundo parcial, chegándose a poñer a un só punto, 19-20.

Lonxe de acusar a presión de Portosín, o Academia A Mariña ofreceu o seu mellor baloncesto, que se viu recompensado no marcador cun parcial de 5-25

cunha diferenza máxima de 24-45.

Portosín mantivo ao longo de todo o encontro unha defensa individual que propiciou perdas nas mariñas, mentres que Burela alternou con defensas presiónantes. As locais foron recortando distancias ata maquillar o marcador final co 57-63, pero sen chegar a poñer en perigo en ningún momento a vitoria do Burela.



As xogadoras burelás, Claudia, Sara, Lucía e Julia

1

PARTIDO PARA REMATAR o Academia A Mariña disputará o último encontro desta gran tempada ante Montrove. Un partido no que as de Madar poderanse despedir ao grande ante o seu público

2

VITORIAS cun partido por disputar, Burela intentará rematar esta fase de ascenso coas mesmas vitorias que derrotas. Antes de recibir a Montrove suman dous triunfos e tres derrotas

Axudas deportistas lucenses

A DEPUTACIÓN DE LUGO APROBOU 75.000 EUROS nunhas bolsas que terán un importe máximo de 1.500 euros e mínimo de 300



O Deputado de Deportes, Pablo Rivera Capón, avanzou que a Xunta de Goberno aprobou as axudas de 75.000 euros da Deputación para deportistas individuais da provincia de Lugo. Nos vindeiros días publicarase no BOP e a continuación abrirase un prazo para presentar as solicitudes. Na web da Deputación haberá un banner con toda a información e a documentación a presentar.

O Deputado de Deportes explicou que "esta programación está dotada de 75.000 euros e en total ofertaranse 150 bolsas, das cales 11 estarán reservadas para deportistas con capacidades diferentes. Estas axudas premian o esforzo competitivo, e ademais valoraranse os resultados acadados nas competicións provinciais, galegas, estatais e internacionais".

Rivera Capón engadiu que "somos conscientes das dificultades que supón hoxe en día a práctica deportiva profesional, polos elevados custos de desprazamentos, inscricións en competicións ou material técnico, dificultades que se ven incrementadas no caso dos deportes individuais. Estas axudas contribúen a mellorar a calidade de vida dos nosos deportistas e ao mesmo tempo contribúen a recoñecer o seu traballo e o seu esforzo diario".

Poden acceder ás bolsas todos os deportistas da provincia de Lugo que teñan ficha federativa durante o ano 2018 e que dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2017 participaran en competicións deportivas oficiais, tanto de carácter provincial, galego, estatal como internacional, e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva oficial e federada.

As bolsas terán un importe máximo de 1.500 euros e

Valoraranse os resultados acadados nas competicións provinciais, galegas, estatais e internacionais, así mesmo, reservarase unha partida para deportistas con capacidades diferentes

un importe mínimo de 300. Así mesmo, establécese unha idade máxima de 35 anos, a data de 31 de decembro de 2017, para os aspirantes, un criterio que non será de aplicación no caso dos deportistas con capacidades diferentes.

Premio ao esforzo competitivo

Para premiar o esforzo competitivo, á hora de levar a cabo a distribución das bolsas terase a en conta a seguinte táboa de baremación:

POSTO	1°	2°	3°	4°	5°	6°	7°	8°	9°	10°	11°-16°	17°...
PROBAS CAMPIONATO DO MUNDO	100	90	80	70	65	60	55	50	45	40	30	20
RANKING MUNDIAL	90	80	70	65	60	55	50	45	40	30	20	
PROBAS CAMPIONATO DE EUROPA	80	70	60	55	50	45	40	35	30	20	15	10
RANKING EUROPEO	60	50	40	35	32	30	28	26	24	22	10	
PROBAS CAMPIONATO DE ESPAÑA	40	35	30	25	22	20	18	16	14	12	8	5
RANKING ESPAÑA	30	25	20	18	16	15	14	13	12	11	5	
PROBAS CAMPIONATO GALEGO	30	17	14	12	10	9	8	7	6	5	2	1
RANKING GALEGO	15	12	10	8	6	5	4	3	2	1		
PROBAS CAMPIONATO PROVINCIAL	10	8	6	4	2							
PROBAS CAMPIONATO MUNDIAL UNIVERSITARIO	20	17	14	12	10	9	8	7	6	5	2	
PROBAS CAMPIONATO ESTATAL UNIVERSITARIO	15	12	10	8	6	5	4	3	2	1		
PROBAS CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO	10	8	6	4	2							